

XORNADA

Turismo masivo e patrimonio. Converxencias e diverxencias dun diálogo posible

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
6 e 7 de xullo de 2017



Os conceptos de Turismo e Patrimonio Cultural e as prácticas que arredor deles se levan a cabo na nosa comunidade sempre viñeron da man. A riqueza do Patrimonio Cultural, que dá sentido e estrutura á paisaxe galega, é unha realidade que nas últimas décadas colleu máis significado identitario, se cabe, ao ser incluídas as nosas manifestacións culturais máis sobranceiras na lista do Patrimonio Mundial. Unha delas, de feito, leva séculos servindo de camiño para as ideas e o contacto intercultural colaborando na conformación paulatina da nova idea de Europa. Estas tendencias nos fan falar e pensar sobre o turismo sostible, o patrimonio cultural material e inmaterial, a socialización cultural dos seus bens, o acceso a este, a difusión e transmisión da cultura patrimonializada.

Porén, a realidade é que o crecemento masivo e expansivo do turismo, positivo nalgúns aspectos, presenta a súa problemática, que ten unha tradución directa na necesidade de reflexionar sobre a incidencia da súa masificación nos bens culturais, sobre a alternativa dun turismo sostible ou sobre como debemos xestionar a relación entre turismo e patrimonio cultural.

Na nosa comunidade, arredor de bens culturais tan senlleiros como a catedral e o conxunto histórico de Santiago ou os Camiños de Santiago, Turismo e Patrimonio Cultural entrecrúzanse, pero non sempre con intereses comúns nin converxentes, onde o valor de cambio vai por riba do valor de uso.

Nestas xornadas pretendemos reflexionar dende a crítica construtiva sobre estes aspectos, sobre como afecta o turismo masivo aos bens culturais e naturais do patrimonio mundial, sobre a xestión dos centros do patrimonio mundial ou sobre as paisaxes culturais como os Camiños de Santiago ou os conxuntos históricos urbanos ou territoriais.

Nun formato aberto e dinámico, trátase de debater sobre tres temas concretos e a súa relación co turismo masivo: centros históricos, patrimonio mundial e paisaxe cultural galega e as súas diferentes categorías legais.

PROGRAMA

XOVES, 6 DE XULLO

9:30 horas
Presentación

Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega (CCG)
María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural
Nava Castro Domínguez, directora de Turismo de Galicia

TEMA 1: PLANS TURÍSTICOS EN CENTROS HISTÓRICOS

10.00 horas
Cidade histórica e turismo: Funcións e capacidade de acollida turística da catedral e o conxunto histórico de Santiago de Compostela
M. Ángel Troitiño Vinuesa, catedrático de Xeografía Humana da Universidad Complutense de Madrid

11.00 horas. Pausa

11:30 horas
Mesa de debate: *Conxuntos históricos de Galicia e xestión turística*
Presenta e modera: **Iago Seara**, arquitecto, CCG

Jorge Duarte, Concello de Santiago de Compostela
Manuel Chaín Pérez, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
José Ramón Castiñeiras Sobrido, xefe da Área de Imaxe e Xestión de Marca Turismo de Galicia
Elías J. Torres Feijó, Universidade de Santiago de Compostela

13:30 horas
Debate

TEMA 2: TURISMO E PATRIMONIO MUNDIAL

16:30 horas
Os plans de xestión de espazos Patrimonio da Humanidade: o caso de Guimarães

Alexandra Gesta, arquitecta, Câmara Municipal de Guimarães

17:30 horas. Pausa

18:00 horas
Mesa de debate: *Os camiños de Santiago*
Presenta e modera: **Carlos Nárdiz**, enxeñeiro de camiños, CCG

Rafael Sánchez Bargiela, director-xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo de Turismo de Galicia
Teresa Nieto, Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia
Cristina Sánchez Carretero, Instituto de Ciencias do Patrimonio, CSIC
Juan Antonio Naveira Seoane, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

VENRES, 7 DE XULLO

TEMA 3: PAISAXE CULTURAL E TURISMO

10:00 horas
Modelos de xestión dunha paisaxe cultural entre España e Portugal: Duero - Douro
David de Salvador Velasco, coordinador de EUROPARQUES - EBI DueroDouro

11:00 horas. Pausa

11:30 horas
Mesa de debate: *A Ribeira Sacra como patrimonio e turismo sostible?*
Presenta e modera: **Rebeca Blanco Rotea**, arqueóloga, CCG

Augusto Pérez Alberti, Universidade de Santiago de Compostela
Ana Goy Diz, Universidade de Santiago de Compostela
José Luis Maestro Castiñeiras, director de Competitividade
Xerardo Pereiro Pérez, Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro
José Manuel Rodríguez, presidente do Consello Regulador D.O. Ribeira Sacra

13:30 horas
Debate e peche das xornadas

ORGANIZA

Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)

COORDINA

Carlos Nárdiz Ortiz

COMITÉ CIENTÍFICO

Rebeca Blanco Rotea

Teresa Nieto

Iago Seara

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia ás xornadas.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

